

MICH BEYER

Unha volta polo inferno

Traducido por Robert Neal Baxter



Vólvense os paxaros contra as escopetas

CAPÍTULO I

Venres, 2 de setembro de 1961

As dúas fiestras estaban abertas a vagabán ante o que prometía ser un dos derradeiros días agradables do verán. Dende o pé do edificio até o quinto andar, ascendía a barullada dos coches na rúa, a algarada de voces alegres e os risos da rapazada que volvía da piscina ou do parque máis próximo. Aínda non comezara o curso.

Elza Gardel botou unha mirada ao redor do salón amplo e luminoso; ollou as cortinas de muselina cor crema que bailaban suavemente a cada lado das fiestras, ao ritmo do lixeiro aire cálido; a maleta pequena tirada sobre a cama; os zapatos, a chaqueta e o bolso ciscados. Dende que vira a Jeanne aniñada con ela para recoller, Elza esforzábase por non deixar demasiada desorde tras de si polo piso. Para Jeanne, cada cousa tiña o seu sitio, e alí debía estar, de modo que malamente era capaz de resistirse a ir atrás da amiga recollendo chaquetas e fulares, que a miúdo quedaban tirados sobre a cama, ciscallados polo salón adiante ou amontoados sobre o respaldo dunha cadeira para logo acabar colgados nos seus ganchos correspondentes. Tratábase dunha teima que dende moi nova dependera do pai e da nai; desenvolvida se cadra a forza de viviren en pisos demasiado estreitos. Ou sería talvez unha manía de seu? Elza non

o sabería precisar, pero si sabía o rápido que este tipo de nimiedades podían estragar o día a día mesmo das parellas máis consolidadas, así que loitaba arreo contra os seus vezos. Por unha vez, podía esperar; tempo habería para arrombalo todo antes de que Jeanne regresase. Polo de agora, tiña cousas máis importantes nas que pensar. Cousas que non podían agardar.

Elza baixara do tren a primeira hora da tarde e, non ben chegara ao piso, sentara á mesa de traballo. Quería revisar decontado as notas que fora esborranchando no caderno durante a longa viaxe: oito horas no tren, dende a costa atlántica até a capital! Por fortuna, a pesar das numerosas paradas, non subiran moitos viaxeiros ao convoi e dera facilmente cun compartimento baleiro. Ficara a soas até París, sen que ninguén tentase iniciar unha conversa con ela nin propoñerlle compartir un anaco de biscoito estoxadizo ou un trago de sidra morna. En definitiva, que ninguén a molestara.

Ao non ter que perder o tempo con esas andrómenas, puidera poñer negro sobre branco o que vira e, sobre todo, oíra da boca de Mai Lamandour durante a súa estadía á beira do océano, na que lle prohibira tomar notas ou gravar as palabras da anciá. Sen lle prestar atención ao espectáculo cambiante dos campos, os vales, as chairas, as vilas, as cidades, que desfilaban a toda velocidade diante da fiestra do compartimento, enchera unha morea de páxinas.

Ende ben, lograra quitar bastantes fotos en Lezlogan, do litoral, do mar, do porto, así que, polo menos, podería ofrecerlles aos lectores do xornal *O Espello* unha idea do ambiente para que viaxasen ao lugar mediante o maxín. Aínda que non puidera tirar fotos

